

INSTRUCCIÓN 7/21, DA XERENCIA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, SOBRE A ORGANIZACIÓN DUN PROCESO DE VACINACIÓN COVID-19 EN ESPAZOS EXTERNOS HABILITADOS.

Sobre a base do “*Plan Galego de vacinación Fronte ao SARS-CoV-2*” da Dirección Xeral de Saúde Pública, así como da Estratexia de vacinación do Ministerio de Sanidade, e ante a posible chegada de maior número de vacinas nas semanas próximas, cómpre a planificación dun proceso ampliado de vacinación en espazos externos habilitados ao efecto.

A instrución 6/2021 da Xerencia do Servizo Galego de Saúde sobre a planificación e organización dun proceso xeneralizado de vacinación COVID-19, estableceu cunhas normas e principios reitores, contemplar a organización e a conformación dos equipos de vacinación en función duns escenarios de dispoñibilidade de vacinas en tres tramos: menos de 100.000, de 100.000 a 200.000, e maior de 200.000 a 300.000 de posibles chegadas de doses semanais a Galicia.

Así mesmo a antedita instrución prevé que no caso de habilitar espazos externos de vacinación cómpre establecer un protocolo marco específico de dotación e actuación, para realizar a vacinación dun gran número de persoas de forma eficiente, en escenarios nos que haxa un elevado subministro de vacinas fronte á COVID-19.

En consecuencia, con base nas facultades atribuídas no artigo 5 do Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e no artigo 5.2 do Decreto 134/2019, do 10 de outubro, polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios, e sen prexuízo doutras instrucións xa aplicables ou que se poidan remitir ao respecto (espazos e medios de traballo, medidas de protección, proceso de vacinación...), dítanse as seguintes

INSTRUCCIÓNS

Primeira. Obxecto e ámbito

As presentes instrucións están dirixidas ás xerencias e direccións das áreas sanitarias e teñen por obxecto establecer un protocolo marco específico para organizar e planificar a administración de vacinas COVID-19 en espazos externos habilitados ao efecto, coa finalidade de dar resposta no caso de alta dispoñibilidade de doses de vacinación.

Segunda. Requisitos da ubicación dos centros externos

2.1 Cada área sanitaria determinará un centro externo de vacinación en cada un dos distritos sanitarios.

2.2 Procurarase que o centro a elixir reúna as seguintes condicións:

- Situarase preferiblemente fóra dos núcleos urbanos e será accesible con vehículos particulares ou transporte público
- Os accesos estarán próximos a grandes vías de comunicación (autopistas, autovías, estradas nacionais).
- As superficies destinadas a aparcamento deberán ser suficientes para o volume de pacientes a vacinar, con proximidade das zonas de aparcamento á zona da de vacinación.
- Procurarase que conte cunha zona cuberta por se as condicións meteorolóxicas o requiren.
- Deberá ter espazo suficiente para evitar aglomeracións de persoas.
- Organizarase de tal forma que o recinto poida cumprir coas medidas recomendadas de prevención que axuden a reducir o risco de exposición ao virus para o persoal e os/as usuarios/as (distanciamento físico, circuitos



diferenciados de entrada e saída, etc.) e contar con accesos ao recinto sen obstáculos.

Terceira. Requisitos do local destinado á vacinación

As condicións do recinto deberán contar cos seguintes requisitos na estrutura interior do edificio:

- O local de administración de vacinas deberá dispoñer de zonas seguras, diferenciando zonas de vacinación e zonas de espera post-vacinación, con ventilación mecánica ou natural suficiente para os espazos en función dos aforos previstos. Os sistemas de climatización deberán estar revisados, para garantir unha alta taxa de renovación de aire e garantir o mantemento dos filtros e sistemas.
- Ademais, disporase dunha sala ou localización destinada a zona con medios para respectar a intimidade no caso de requirirse atención inmediata a urxencias menores (síncopes...), dotada dunha padiola e material de primeiros auxilios (recomendable DESA).
- O local debe contar con instalacións adecuadas para equipos informáticos e conectividade á internet.
- Deberá ser posible establecer circuitos para que a cidadanía convocada acceda ao espazo de vacinación de forma unidireccional que evite aglomeracións no acceso, no percorrido interior e na saída.
- Deberá garantir o acceso e circulación de persoas con limitacións de mobilidade.
- Así mesmo, debe poder establecerse unha vía definida que permita o acceso do persoal de emerxencias, en caso de ser necesario (de permitirlo o edificio, podería contemplarse unha vía de acceso de ambulancias aos puntos definidos dentro del).



- Habilitaránse zonas independentes no recinto para a almacenaxe de material, para a almacenaxe de contedores de residuos e para descanso do persoal.
- Deberá contar con aseos suficientes para o persoal e usuarios/as.

- **Cuarta. Equipamento dos espazos de vacinación**

Os lugares de vacinación dotaranse co equipamento seguinte:

- Equipamento para garantir a cadea de frío das vacinas.
- Material sanitario e subministrados suficientes para a administración da vacina e para a atención de posibles reaccións adversas.
- Ordenador con acceso a IANUS para o rexistro da vacinación e lector código QR.
- Teléfonos.
- Mobiliario xeral.
- Cartelaría coa imaxe corporativa e logos de vacinación COVID-19 da Xunta de Galicia.
- Material de sinalización.

Quinta. Organización

Os espazos e circuítos serán definidos polos responsables asignados para tal fin, e recoméndase que sexan validados polas unidades de prevención de riscos de cada área sanitaria conforme a estes criterios e aos protocolos específicos establecidos.

Para a organización do acceso e circulación da persoas citadas nos locais deberánse ter en conta as seguintes condicións:

- Deben estar perfectamente sinalizadas as vías de circulación dende os aparcamentos ata as portas de acceso para que non se formen colas en todo o circuítio (exterior e interior).



- As persoas citadas accederán ao local de vacinación de forma unidireccional para evitar aglomeracións tanto no acceso, como no percorrido interior e na saída, para o que deberá contar persoal de información, axuda, vixianza e control suficiente para evitar as incidencias que faciliten o acceso e a circulación dentro do recinto.
- Nos puntos clave (entradas e saídas) se deberá garantir que exista persoal suficiente para controlar que non se formen aglomeracións.
- O acceso debe realizarse de forma ordenada gardando sempre a distancia de seguridade de como mínimo 1,5 metros.
- A localización dos aseos estará perfectamente sinalizado e disporán de papel desbotable, xabón, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa e pedal .
- Debido a alta afluencia de persoas, deberánse intensificar as limpeza e desinfeccións das instalacións, especialmente os aseos.
- Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas por espazo de, polo menos, 30 minutos ao inicio e ao final de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e obrigatoriamente ao finalizar cada xornada. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse o subministro de aire fresco e non se poderá empregar a función de recirculación del aire interior.

Sexta. Dotación de equipos de enfermaría de vacinación e outro persoal

Cada lugar de vacinación contará cun número de equipos de enfermaría e outro persoal segundo as vacinas a administrar comunicadas pola Dirección Xeral de Saúde Pública e a organización que se contempla nestas instrucións. Os equipos de enfermaría a determinar calcularáanse de acordo co establecido na Instrución 6/2021 desta Xerencia.

Outro persoal a incorporar será:

- Persoal auxiliar de apoio.
- Persoal médico/a para garantir as posibles incidencias sanitarias nas intalacións. Así mesmo, mantense activo o código vacina da FPUSG 061.



Contarase coa presenza de ambulancias de Cruz Vermella ou Protección Civil ou FPUSG 061.

As distintas funcións relacionadas coa vacinación masiva realízanse polo persoal nestes espazos na xornada ordinaria e, de ser o caso, en xornada complementaria en función das doses a administrar, dos días determinados para a administración (sábados, domingos e festivos) e do persoal dispoñible.

O persoal do Servizo Galego de Saúde que vacine en horario ordinario desprazarase a estes centros, que terán consideración de centro de traballo.

Sétima. Proceso de Vacinación

7.1 Normas xerais

Todo o persoal que forme parte do equipo de vacinación deberá estar identificado, coñecer os circuítos, as funcións a realizar previas á vacinación así como tamén as funcións a realizar durante a súa xornada laboral.

En cada un dos espazos habilitados deberase concretar o procedemento para a solicitude de materiais necesarios de forma ordinaria así como tamén o procedemento para resolver demandas extraordinarias (por exemplo, por roturas da cadea de frío ou deterioración dos materiais subministrados).

O/A profesional que administre vacinas, seguirá as medidas de protección persoal establecidas polo Servizo Galego de Saúde de acordo coa situación epidemiolóxica actual.

Aplicaranse sempre as medidas de prevención de exposicións ocupacionais accidentais.

Como medidas xerais, teranse en conta os aspectos establecidos no Plan Galego de Vacinación fronte ao Sars-Cov-2 que sexan de aplicación para este propósito.

7.2 Actuacións previas á vacinación

7.2.1 Citación:

Os cidadáns con teléfono de notificacións por SMS recibirán un SMS cun acceso web personalizado no que confirmar a súa cita.



Os cidadáns sen teléfono de notificacións ou que non confirmasen a súa cita nas 48 horas seguintes ao envío do SMS, recibirán unha chamada automatizada.

A cita poderase confirmar directamente nunha nova web coa identificación básica do cidadán.

7.2.2 Provisión de material necesario para a vacinación:

O/a coordinador/a ou responsable do espazo debe coñecer a programación prevista para os equipos asignados co fin de estimar as necesidades de material polo menos 48 horas antes da vacinación.

Deberá asegurar que se conta co material seguinte:

- Xiringas e agullas.
- Soro fisiolóxico para reconstitución (só para vacina de Pfizer).
- Vacinas.
- Material de traballo (luvas, apósitos, gasas).
- Equipos de protección individual.
- Contedores de residuos.
- Cartelería e sinalización.

7.3 Actuacións durante a xornada de vacinación

7.3.1 Control de entrada e xestión de accesos

Cada persoa accederá coa cita para a vacinación (excepto en colectivos especiais), que pode ser indistintamente a tarxeta sanitaria, DNI ou código QR.

As persoas citadas non poderán acceder con acompañante, agás que a persoa a vacinar presente unha discapacidade ou limitación da súa capacidade funcional que requira axuda e colaboración de un/unha acompañante.

Corresponderá ao persoal de control de accesos garantir a distancia mínima interpersoal entre todas as persoas que acudan a ser vacinadas durante a estancia no centro.



7.3.2 Espera post-vacunación e vixilancia das posibles reaccións adversas

Unha vez vacunada, a persoa dirixirase á zona habilitada para a post-vacunación, onde deberá permanecer uns 15 minutos antes de abandonar o recinto por se aparecera algunha reacción adversa/complicación que requirise ser atendida por persoal sanitario.

Nesta zona estableceranse as condicións para que as persoas permanezan a 2 metros de distancia e evitar grupos.

A organización da vacinación debe constar nun plan funcional e informar á Xunta de Persoal/Comité de cada centro respectivo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

José Flores Arias

Xerente do Servizo Galego de Saúde

